

VICTORINO PÉREZ PRIETO - Teólogo

"O celibato obrigatorio non é unha cousa boa para a Igrexa, debería ser opcional"

O teólogo presenta un estudio sobre o bispo Prisciliano e o seu papel na cultura galega ao longo dos séculos

SUSANA REGUEIRA - PONTEVEDRA Prisciliano druída, sabedor de coñecementos ocultos, asceta, herexe, mesmo mullereiro... A historia dun dos grandes mitos galegos (Otero Pedrayo asegurou que "Prisciliano é a maior personalidade que Galiza xerou") segue a estar chea de tópicos e lendas. O teólogo Victorino Pérez Prieto presentou onte en Pontevedra a obra "Prisciliano na cultura galega", que afonda no estudio científico da persoaxe e tamén no seu peso e importancia na cultura galega.



Victorino Pérez Prieto (Hospital de Órbigo-León, 1954) é doutor en Teoloxía pola Pontificia de Salamanca e especialista en interculturalidade e interrelixiosidade. Exerce a docencia nas universidades de Santiago e A Coruña, é colaborador habitual de diversos medios de comunicación e autor dunha decena de obras sobre temas diversos como o galeguismo e a relixión, ecoloxismo e cristianismo, entre outros.

—Vostede é un teólogo que casou...

—(Risas) É o tema de sempre: digo porque nestes meses a polémica foi máis por eso que polo meu traballo de teólogo. Eu son teólogo e a maioría de nós somos de orixe clerical, ese é o meu caso, que efectivamente estou casado e por eso non son un cura en exercicio que ten un cargo diocesano.

—Que lle parece a polémica que rodea á Igrexa? Unha saída sería que os curas tiveran a oportunidade de casar?

—Teño clarísimo que o celibato obrigatorio non é unha cousa boa para a Igrexa, debería ser algo opcional e os curas que queiran vivir o ministerio sacerdotal como célibes magnífico e os que non, que son a maioría, que lles deixen exercer como curas casados, algo que por outra parte é normal en todas as relixións: o caso da relixión católica é unha excepción que non é unha cousa boa e de feito os cristiáns doutras confesións, incluída a ortodoxia, teñen esa posibilidade. É máis, hai sacerdotes católicos casados que dependen de Roma igual pero simplemente son de rito oriental, entón si se permite para uns por que ese empeinamento en impedilo para outros?

—Que se propoñía cun estudio sobre Prisciliano?

—Este libro plantexouse con dous intereses particulares: un achegamento científico á figura de Prisciliano, un nome que calquer persoa cunha mínima cultura coñece pero en realidade a maioría da xente sabe pouco ou nada del o incluso o que coñece del é falso (funciona máis o mito atractivo do druida que a súa realidade). É certo que foi un mártir e tivo coñecementos ocultos pero o que o define é o seu traballo como teólogo, líder e o seu intento renovador na Igrexa con plantexamentos puros e auténticos que o levaron finalmente á morte. Temos por un lado esa reconstrución da súa identidade e o outro interese do libro é Prisciliano na cultura galega, o que representou para a cultura galega desde o seu nacemento ata a actualidade e sobre todo a partires dos románticos, desde o século XIX ata agora con figuras como Murguía e sobre todo na xeración Nós. Interesábame este segundo aspecto porque Prisciliano foi un mito movilizador da cultura galega en séculos pasados e pode seguir a selo hoxe reivindicando a identidade de Galicia.

—Que saben a día de hoxe os científicos de Prisciliano? Que se sabe del con certeza?

—O que sabemos del é que foi un home da antigüidade serodia, do século IV, xa cando empeza a disgregación do imperio romano pero aínda se manteñen as institucións romanas. El pertencía á clase alta, senatorial, pero en canto de vivir moi ben dos seus escravos como era habitual na súa clase e rango foi un home que se convertiu ao cristianismo xa na súa mocidade e a súa conversión foi tan radical que naceu nel un compromiso coa vivencia do cristianismo máis evanxélico do espírito de Xesús. Isto levouno a estudar Teoloxía, a profundizar no coñecemento dos textos bíblicos (non só dos canónicos senón dos apócrifos, que foi unha das cousas polas que foi acusado) e era un home realmente seductor, de verbo magnífico, o que fixo que un grupo cada vez máis grande de xente seguise os seus postulados renovadores, a súa idea dunha igrexa de iguais, incluso para as mulleres, ás que brindaba a posibilidade de acceder a postos de responsabilidade.

Mullereiro, un tópico

—Esa é a razón de que o seguisen tantas mulleres? Tamén é un tópico o de mullereiro?

—Esa é a razón, non porque fora mullereiro, todo o contrario porque era un asceta riguroso, un home que vivía a abstinencia total, tamén vexetariano.

—Moi semellante ao que sucedeu con Gandhi, tamén un asceta con milleiros de seguidoras.

—Moito, efectivamente: é coma si alguén di que as mulleres seguían tanto a Gandhi porque lle daba polo gusto, cando en realidade é porque con el se sentían recoñecidas, calquer tipo de afirmación sobre o Prisciliano libidinoso é absolutamente falsa, acusouselle falsamente incluso ata dun aborto dunha amante, todo eso é absolutamente falso: a realidade é que é mais ben un home do estilo de Gandhi que tiña un proxecto fascinante e que moita boa xente o seguía.

—Como caeu en desgracia un home que chega a ser bispo nun concilio?

—Sucedeulle o que lle pasa a todas as persoas críticas: él era crítico xa con aspectos decadentes da Igrexa, e fíxese que estamos no século IV, uns 300 anos despois da morte de Xesús xa a Igrexa empezou a casarse co poder e esto fixo que moitos xerarcas fosen xa corruptos, decadentes. A rectitude de Prisciliano ofendía aos que non vivían así a Igrexa e acusaron de herético, fixeron que se convocase un concilio para condealo e ese concilio foi un fracaso total: celebrouse en Zaragoza e o que provocou foi que o fixeran bispo. E cando Prisciliano se converte en bispo é unha persoa máis perigosa, foi ese momento cando dous bispos (xente cercana á cultura luso-galaico) iniciaron unha persecución, conseguiron apoio no imperio e particularmente por parte dun emperador sanguinario, Clemente Máximo, que o condeou á morte.

—Con antelación algún xerarca ou en xeral herexes foran condeados a morte?

—Nunca pasara: o seu foi o primeiro caso que se deu e realmente nunca foi habitual na historia da Igrexa, a un herexe podeselle condear por tal pero non matalo, o que ocorreu despois coa Inquisición fíxese que non foi con bispos senón en realidade con mulleres e en xeral con persoas que non podían defenderse.

—A pregunta é obrigada: como se chega desde Prisciliano ao culto ao Apóstolo?

—Pois dun xeito sinxelo: Prisciliano despois de ser decapitado os seus discípulos en Galicia, que era onde tiña a maior parte dos seus seguidores, quixeron traelo para que repousara aquí. Trouxeronlo desde Alemaña baixando todo polo centro de Francia, o que é actualmente o Camiño Francés, e eso sabemolo con seguridade polos cronistas, aínda que non chegan a dicir onde o enterraron. O que sí é certo é que aquí xurdiu un culto a Prisciliano e aos seus compañeiros mártires e este culto perviviu durante séculos, moito antes de que empezara o culto Xacobeo. En realidade o Apóstolo nunca estivo aquí e as lendas da tradición apostólica son a partires do século VIII ou IX, cando Prisciliano en Galicia xa tiña unha presenza de honra desde o século IV e V, sobre todo. A pesares de que as institucións oficiais intentaron erradicar o priscilianismo él tiña aquí os seus devotos.

—Os estudiosos opinan que está enterrado na tumba de Santiago?

—Hai a posibilidade de que os restos que se atoparon alí foron del, non temos evidentemente ningunha garantía, é imposible, o único que podemos dicir cientificamente é que é máis probable que na tumba esté Prisciliano que que sexa o Apóstolo, o culto xacobeo foi unha maneira de subsumir o culto priscilianista que era o que existiu durante séculos.